



**ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE MARZO DO 2020.-**

<p><b>ASISTEN:</b> Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Mª Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández</p> <p><b>AUSENCIAS XUSTIFICADAS:</b>  D. Emilio Mesías Farías Dna. Cristina Cadena Freire Sr. Secretario D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e cinco minutos do día tinta e un de marzo do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm.1.- Acordo de celebración telemática das sesións dos órganos representativos e de goberno do Concello de Ares.**

Dáse conta do acordo de celebración telemática das sessions dos órganos representativos e de goberno do Concello de Ares de data 24 de marzo de 2020 que a continuación se transcribe:

**ACORDO DE CELEBRACIÓN TELEMÁTICA DAS SESIÓN S DOS ÓRGANOS REPRESENTATIVOS E DE GOBERNO DO CONCELLO DE ARES**

*Ante a Declaración do Estado de Alarma pola grave crise sanitaria derivada da pandemia do COVID -19 (coronavirus) e vista a Nota informativa da Dirección General de Régimen Jurídico Autonómico y Local del Ministerio de Política Territorial y Función Pública, sobre a posibilidade de que os órganos representaivos locais e de goberno (Plenos, Xuntas de Goberno, Comisións informativas, Xuntas de Contratación) poidan reunirse de maneira telemática e adoptar acordos durante o devandito estado; así como o informe da Secretaría municipal.*

*Efectuada debida e previa comunicación cos Portavoces municipais na Xunta de Voceiros, esta Alcaldía propón ao Pleno:*





**PRIMEIRO.-** Acordar con carácter excepcional a celebración das sesións dos órganos representativos e de goberno deste Concello de Ares (Plenos, CC.11. e Voceiros), mediante sistemas tecnolóxicos de videoconferencia ou similar que garante a seguridade tecnolóxica, a participación de todos os seus membros en condicións de igualdade, e a validez da súa realización, debates e dos acordos que se adopten.

**SEGUNDO.-** Dar conta aos servizos informáticos do Concello a fin de habilitar tal sistema

Ares, a 24 de marzo de 2020

O Alcalde.- Asdo. Julio Ignacio Iglesias Redondo

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que a celebración telepática é a que nos permite operar desta maneira e en consecuencia pido o voto favorable e procedemos a votación senon hai intervencións.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, no hai.

Sometida a votación o acordo de celebración telemática das sesións dos órganos representativos e de goberno do Concello de Ares por unanimidade, 11 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3 PP, 2 Ausencias Xustificadas).

**Punto num. 2.- Ratificación cambio data sesión plenaria.**

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que neste punto de cambio de data tivemos que pedirlle ao informático que puxera isto operativo que puxera todo isto e foi posible telo para o día de hoxe e en consecuencia tamén pido o voto favorable a favor da ratificación do cambio de sesión.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, non hai.

Sometida a votación a ratificación cambio data sesión plenaria o concello pleno por unanimidade, 11 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3 PP, 2 Ausencias Xustificadas BNG) acordo prestar a súa aprobación.

**Punto num. 3.- Aprobación se procede das actas correspondientes as sesións de:**

- 27-01-2020
- 24-02-2020
- 09-03-2020
- 18-03-2020

Sometida a votación a aprobación das actas correspondentes as sesións de 27-01-2020, 24-02-2020, 09-03-2020, 18-03-2020 o concello pleno por unanimidade, 11 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3PP, 2 Ausencias Xustificadas BNG) acorda prestar a súa aprobación.

**Punto num. 4.- Aprobación Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola participación en probas selectiva do Concello de Ares.**





**Dáse conta da Ordenanza Reguladora da Taxa por Dereitos de Exame de data 25 de febreiro que a continuación se transcribe:**

**Dáse conta do informe de Secretaria Aprobación Ordenanza Reguladora da Taxa por Dereitos de Exame de data 25 de febreiro que a continuación se transcribe:**

## INFORME DE SECRETARÍA

**Asunto : Aprobación Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola participación en probas selectivas do Concello de Ares.**

Esta Secretaría, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte **INFORME** :

**PRIMEIRO.** De conformidade co previsto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, as Entidades Locais disporán de recursos suficientes para o cumprimento dos seus fins, recursos entre os que se atopan os tributos propios.

En atención a iso e á potestade regulamentaria conferida ás Entidades Locais polo artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, será posible establecer e esixir tributos a través das súas propias Ordenanzas fiscais, atribución que vén conferida ao Pleno, conforme dispón o artigo 22.2.d) da citada Lei. A validez do Acordo requirirá o voto favorable da maioría simple dos membros presentes, como se establece no artigo 47.1 da mesma norma.

SEGUNDO.- A lexislación vixente é a seguinte:

- Artigo 15 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado po Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- O artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade Oramentaria e Sustentabilidade Financeira.

TERCEIRO. En relación aos importes, os mesmo á vista da contía fixa por grupo de titulación, vese decuado, por canto as percepcións das Comisións Seleccionadoras adecuaráse ao Real Decreto 462/2008, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio.

CUARTA. Á vista das cifras anteriores despréndese:





- A. Que o imported a recadación prevista polo mesmo, non excederá en ningún caso o custo total previsto pola súa execución, verificándose a priori así que o custo estimado non é inferior ao ingreso estimado.
- B. Que a cantidade a esixir e liquidar por este concepto obterase da aplicación de tarifa por grupo de titulación, quedando así acreditada a regularidade da mesma, posto que se dese unha prestación do total do servizo, a recadación da mesma non operaría o seu custo de execución, sempre que as tarifas que finalmente se aproben non superen individualmente as previstas.

**QUINTO.- O TEXTO DA Ordenanza Fiscal Reguladora recolle os seguintes beneficios fiscais:**

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que esta é unha taxa que xa se está cobrando pero vai entrar no paquete de bonificacións, exencións e reducións que vimos a aprobar para todos os veciños debido a situación de crise polo coronavirus, pero non podemos aprobar bonificacións xenón están contempladas nunca ordenanza mentón esta taxa esta cobrando sen una ordenanza que contempla as bonificacións que queremos aprobar, por eso queremos e pedimos que se aprobe esta ordenanza porque cando aprobemos o paquete de bonificacións no resto dos impostos neste non imos a poder aprobar as bonificacións porque non hai ordenanza que as contemple e este quedaría fora e non queremos que quede fora porque queremos aplicar bonificacións efectivamente dende logo a todos aqueles que viron mermados o seus ingresos por razóns da situación máis graves que son os despidos, os que siguen tendo ingresos como os funcionarios que seguimos pois efectivamente tendo os nosos ingresos pois dificilmente imos a entrar agora en bonificacións porque a nosa bonificación non cambio, pero si hai moitos veciños que por desgraza que lle vai a cambiar a peor e para eles temos que aprobar modificacións en todas as ordenanzas fiscais que podamos polo que necesitamos ordenanzas fiscais que as contemplan e aquí non hai unha ordenanza que contemple bonificacións entón, para que isto non quede fora, cuando chegue o verán e se presenten cen, para que isto non quede fora necesitamos una ordenanza que contemple as bonificacións senón lles imos a ter que cobrar porque non hai una ordenanza que o contemple bonificacións esa é a razón hola que queremos aprobala neste pleno e pedimos por favor o voto favorable igual que no seu momento pediremos unanimidade a todas as medidas e a todas as bonificacións que como o resto dos concellos de España iremos adoptando para beneficiar a gente que viu perxudicada a súa situación efectivamente a pandemia que estamos sufrindo.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións para fixar posicións.

Sometida a votación a Aprobación Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola participación en probas selectiva do Concello de Ares o concello pleno por 11 votos a favor (7 PSDG-PSOE, 1NAL, 3PP, 2 Ausencias Xustificadas)

**Punto num. 5.- Dar conta das resolución adoptadas pola Alcaldía.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a





celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

**Punto num. 6.- Mocións-Propostas.**

Non hai

**Punto num. 7.- Rogos e Pregunta**

